1. Réxime legal das vivendas (Prezo Concertado)
As vivendas desta promoción están cualificadas como Vivendas de Protección Autonómica (VPA) de Réxime Concertado. É importante que os futuros adxudicatarios coñezan as seguintes condicións legais asociadas a este tipo de vivenda:

* Uso obrigatorio: A vivenda deberá destinarse exclusivamente a domicilio habitual e permanente da unidade familiar adxudicataria.
* Limitacións de venda e aluguer: Durante o seu período de cualificación legal, calquera intención de transmisión (venda) ou cesión (aluguer) estará suxeita á autorización previa do IGVS. Ademais, os prezos máximos de venda ou renda estarán limitados por lei, e a persoa que compre ou alugue a vivenda no futuro deberá cumprir cos mesmos requisitos exixidos inicialmente (incluíndo a inscrición no Rexistro Único de Demandantes).
* Duración da cualificación (Novidade legal): O réxime de protección das vivendas terá duración permanente. Artigo 60 da Lei de vivenda de Galicia.

2. Requisitos previos e pasos a seguir
Para optar a estas vivendas, a persoa interesada debe estar inscrita na data da resolución de inicio (26 de outubro) no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda de Galicia, na Sección Terceira (Réxime Concertado, Compravenda, Vigo).

1. Descargar e cubrir o modelo oficial:
Debe utilizarse obrigatoriamente o formulario normalizado (Anexo da Resolución de Inicio). Pode descargar a documentación dende a seguinte ligazón:
https://igvs.xunta.gal/gl/vivenda-protexida/adxudicacions-sorteos-de-vivenda-protexida/resolucion-deinicio-do-procedemento-de-seleccion-de-adxudicatarios-de-vivendas-protexidas

2. Prazo de presentación:
Dispón dun prazo de 15 días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación da resolución de inicio, que tivo lugar o 28 de outubro de 2026 (o prazo finaliza o 18 de novembro).

3. Vías de presentación:
- Electrónica: A través da sede electrónica, achegando o modelo oficial debidamente asinado:
https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR004A
- Presencial: Presentando o modelo nas oficinas de rexistro administrativo ou áreas provinciais do IGVS.

3. Fases do procedemento que tramitará o IGVS:
Unha vez finalizado o prazo de solicitudes, a tramitación continuará do seguinte xeito:

* Listas de admitidos: Publicarase unha lista provisional en 15 días hábiles tras o peche de solicitudes, abríndose un prazo de 7 días hábiles para reclamacións. Posteriormente, aprobarase a lista definitiva.
* Sorteo notarial: Se as solicitudes superan o número de vivendas (5 en cota xeral), o IGVS celebrará un sorteo para fixar a orde de adxudicación e confeccionar a lista de reserva.
* Formalización: O Consorcio notificará ás persoas seleccionadas segundo os resultados do sorteo. Tras a recepción da dita notificación, disporán de 45 días naturais para perfeccionar o contrato de compravenda.

Dado que se trata dun procedemento tramitado integramente polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), recomendámoslle que se dirixa directamente a este organismo para resolver calquera dúbida adicional sobre o proceso, prazos ou documentación. Pode consultar a súa páxina web oficial (igvs.xunta.gal) ou contactar coas súas áreas provinciais.